

## BASES PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES DE SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL DA CATEGORÍA TITULADOS SUPERIORES, PARA XESGALICIA, S.G.E.I.C., S.A.U.

Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Inversión Tipo Cerrado, S.A. (Sociedad Unipersonal) -en diante, “Xesgalicia” ou “Xesgalicia, SGEIC, SAU”- foi constituída o 18 de marzo de 1999, coa denominación “Xesgalicia, Sociedad Gestora de Entidades de Capital Riesgo, S.A”.

Dende o 23 de marzo de 1999 a Sociedade está inscrita co número 12 no Rexistro de Entidades Xestoras de Capital Riesgo da Comisión Nacional do Mercado de Valores -en diante, a “CNMV”- (dende a entrada en vigor da Lei 22/2014, Rexistro de Sociedades Xestoras de Entidades de Inversión de Tipo Pechado).

Con data 21 de decembro de 2016, o Consello de Administración de Xesgalicia aprobou o traslado do domicilio social á Rúa Ourense, 6, Santiago de Compostela, con efectos 1 de febreiro de 2017 (previamente o domicilio social estaba en Santiago de Compostela, San Lázaro s/n).

Actualmente, constitúe o seu obxecto social, de acordo co establecido nos seus Estatutos, a administración, representación e xestión de Fondos de Capital – Riesgo e de activos de Sociedades de Capital – Riesgo. Como actividade complementaria poderá realizar tarefas de asesoramento ás empresas coas que manteña vinculación como consecuencia do exercicio da súa actividade conforme ao disposto na Lei de Entidades de Capital – Riesgo.

En materia de persoal Xesgalicia, coma sociedade mercantil pública autonómica, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria, réxese polo disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, de aplicación na materia, en concreto no seu artigo 110.c), que dispón que se poderán celebrar contratos laborais de duración determinada, previa convocatoria mediante anuncio público e designación dunha comisión de selección. Na contratación deberá terse presente ó disposto na Lei 7/2004, de 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes.

O Consello de Administración de Xesgalicia, en relación á contratación de dous titulados superiores, adoptou o seguinte acordo:

**RESOLVE:**

Convocar a apertura do prazo para inscrición na Listaxe para a contratación temporal de **DOUS TITULADOS SUPERIORES**, para Xesgalicia.

**BASES DA CONVOCATORIA****Primeira.- Obxecto da convocatoria**

O obxecto é a apertura dunha listaxe para a selección e contratación temporal por Xesgalicia de **DOUS TITULADOS SUPERIORES**, para Xesgalicia, coas categorías de:

- 1 Controller financeiro e de control,
- 1 Analista de investimentos e seguimento de start ups.

**Segunda.- Publicidade e réxime xurídico da contratación**

A presente convocatoria publicárase no D.O.G., axustándose no disposto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, á Lei 2/2015 do emprego público de Galicia (art. 58) e demais normativa concordante.

A dita contratación revestirá a modalidade contractual regulada na lexislación vixente que resulte de aplicación, particularmente, polo disposto nos artigos 12 e 15 do Estatuto dos Traballadores modificado polo Real Decreto Lei 10/2010, pola Lei 12/2001, con especial referencia aos termos da disposición adicional sétima, pola Lei 14//2011 e o Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, polo que se desenvolve o referido artigo 15 do Estatuto dos Traballadores.

A xornada laboral será de 37,5 horas semanais, que poderán desempeñarse en quendas de mañá e/ou tarde, en función das necesidades produtivas, procedementais e organizativas da empresa. O posto de traballo estará situado na sede de Xesgalicia, en Rúa Ourense, 6, Santiago de Compostela.

**Terceira.- Duración**

A contratación obxecto da presente convocatoria efectuarase con carácter temporal. A vixencia estimada dos contratos será dun MÁXIMO DE 3 ANOS dende a data da súa sinatura, ou ata a cobertura definitiva do posto de traballo mediante o correspondente proceso selectivo.

Para os/as candidatos/as seleccionados/as, unha vez formalizada a relación laboral establecerase un período de proba dun (1) mes, de conformidade co disposto no artigo 14 do Estatuto dos Traballadores.

#### **Cuarta.- Tarefas a desempeñar**

As actividades a desenvolver consistirán nas seguintes en cada un dos dous postos:

- Controller financeiro e de control,
  - Control de xestión de Xesgalicia e das entidades por ela xestionadas.
  - Reporte periódico á Comisión Nacional del Mercado de Valores en coherencia á actividade de Xesgalicia.
  - Reporte periódico aos diferentes entres/organismos/subdireccións da administración pública autonómica encargados da fiscalización e auditoría da actividade de Xesgalicia.
  - Coordinación das diferentes auditorías externas en coherencia á actividade de Xesgalicia.
  - Elaboración de reportes e informes internos da actividade de Xesgalicia.
  - Revisión e control da actividade de empresas financiadas a través da actividade de Xesgalicia.
  - Execución de controis internos en coherencia á actividade de Xesgalicia.
  - Soporte e asesoramento ás demais áreas dentro da Entidade en materias relacionadas coas súas funcións e dentro da súa categoría.
- Analista de investimentos e seguimento de start ups.
  - Análise de viabilidade de proxectos empresariais.
  - Revisión e control da actividade de empresas financiadas a través da actividade de Xesgalicia.
  - Elaboración de reportes e informes internos da actividade de Xesgalicia.
  - Soporte e asesoramento ás demais áreas dentro da Entidade en materias relacionadas coas súas funcións e dentro da súa categoría.

#### **Quinta.- Requisitos xerais**

Os/as aspirantes deberán reunir, tanto no día en que finaliza o prazo de presentación das solicitudes como no momento da sinatura do contrato, os seguintes requisitos:

- a) Ter nacionalidade española; ou ser nacional dalgún dos estado membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado no que, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación dos traballadores; ou ter residencia legal en España, no caso de tratarse de estranxeiros non incluídos nos puntos anteriores. Tamén poderán participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores/as, sempre que non estean separados/as de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis (16) anos e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

- c) Capacidade funcional: a estes efectos enténdese por tal, non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- d) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado e nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.
- e) Estar en posesión da titulación esixida, ou dunha superior, para cada unha dos dous postos que se convocan e que se especifican na presente convocatoria.

#### **Sexta.- Requisitos específicos**

Os/as aspirantes deberán acreditar estar en posesión do seguinte requisito en ámbolos dous postos:

- a) Titulación requirida: licenciatura ou grao en CC. económicas, empresariais ou dirección e administración de empresas, ou titulación equivalente. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou da credencial que acredite no seu caso, a homologación do título. Este requirimento non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

#### **Sétima.- Solicitudes e prazo**

Os aspirantes que desexen tomar parte neste proceso selectivo deberán presentar debidamente cumprimentada a solicitude que figura no Anexo I destas bases, no prazo de CINCO (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio das mesmas no Diario Oficial de Galicia.

As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse nos rexistros e oficinas previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Ademais deberase remitir, por correo electrónico á dirección [xesgalicia@xesgalicia.org](mailto:xesgalicia@xesgalicia.org), antes da finalización do prazo de presentación de solicitudes, unha copia da solicitude rexistrada.

Os aspirantes interesados en participar en varias categorías das ofertadas deberán utilizar unha instancia diferente para cada categoría á que se presenten.

En todo caso, o tribunal de selección reservará para si o dereito para esixir que se acredite convenientemente a existencia ou non de calquera requisito de participación dos aspirantes en calquera momento anterior á resolución definitiva da selección de persoal. A consignación de datos falsos na instancia ou na documentación entregada polos aspirantes sancionárase coa anulación da solicitude, sen prexuízo das demais medidas legais que correspondan.

A dirección que figure nas instancias considerárase como o único válido para os efectos de notificación, sendo responsabilidade exclusiva dos aspirantes tanto o erro na súa consignación, como a comunicación a XESGALICIA de calquera cambio nel.

### **Oitava.- Documentación a presentar**

Os aspirantes deberán presentar xunto coa solicitude a seguinte documentación:

- a) Copia do DNI.
- b) Currículo.
- c) Copia cotexada do título universitario esixido no que se indique a cualificación final do mesmo. No caso de non estar indicada no título dita cualificación, presentarase tamén a copia cotexada do documento oficial onde apareza.
- d) Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social.
- e) Copia cotexada dos certificados de coñecemento de idiomas estranxeiros.

Todos os méritos que os aspirantes presenten para a súa valoración, enténdense referidos á data da publicación desta convocatoria.

Para os efectos da documentación requirida, admitirase aquela que sexa cotexada por as administracións públicas, organismos autónomos, universidades públicas, axencias estatais, polas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro e a lexitimada por notario.

A documentación presentarase en calquera dos idiomas oficiais da Comunidade Autónoma de Galicia. A documentación presentada en idioma distinto ao galego ou castelán deberá ir acompañada de tradución oficial.

Para calquera consulta ou información adicional os interesados poderán poñerse en contacto mediante correo electrónico á dirección [xesgalicia@xesgalicia.org](mailto:xesgalicia@xesgalicia.org).

### **Novena.- Procedemento de selección e elaboración da listaxe.**

A baremación das solicitudes efectuarase, de acordo coas bases específicas, por unha comisión de selección (o "tribunal"), o cal será nomeado polo Consello de Administración de XESGALICIA e será constituído unha vez publicada na web de XESGALICIA a relación definitiva de aspirantes presentados de forma anonimizada.

O tribunal estará constituído por tres membros, que deberán posuír unha titulación académica de igual ou superior nivel á solicitada como requisito aos aspirantes, e estará composto por:

- *1 presidente*
- *1 secretario*
- *1 vogal*

Serán de aplicación a este órgano as instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos órganos de selección aprobadas pola Resolución do Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007 e no acordo adoptado no Consello de la Xunta do 8 de abril de 2010.

Correspóndelle ao tribunal as funcións relativas á cualificación dos aspirantes e á adopción, en xeral, de cantas medidas sexan precisas para o desenvolvemento correcto das probas selectivas e a resolución de incidencias, polo que non se poderá disolver ata a correspondente firma do contrato do aspirante que resulte seleccionado/a.

Ademais, o tribunal deberá resolver todas as dúbidas que puidesen xurdir, así como as situacións derivadas daqueles casos non recollidos nesta convocatoria, axustándose, en todo momento, á normativa de aplicación.

O tribunal de selección deberá contar coa presenza de todos os membros. Os acordos do tribunal adoptaranse por maioría simple de votos, ostentando o/a Presidente, en caso de empate, voto de calidade.

De cada reunión, o/a Secretario/a do tribunal levantará unha acta, onde recolla os membros presentes, o lugar e data, o resultado das probas e cuantos detalles sexan necesarios para acreditar o contido da sesión.

O tribunal terá a súa sede, para os efectos de notificación e incidencias en Xesgalicia, Rúa Ourense nº 6, 15701 Santiago de Compostela, onde se atenderán cantas cuestións sexan formuladas en relación co proceso selectivo.

O tribunal poderá solicitar o asesoramento de especialistas nas materias obxecto das probas desta convocatoria, que terán voz pero non voto.

#### **Décima .- Proceso de selección - Baremación.**

O proceso de selección desenvolverase en dúas fases:

**PRIMEIRA FASE: Baremo de méritos (máximo 55 puntos) =** 1. Formación adicional + 2. Experiencia profesional + 3. Coñecemento de idiomas estranxeiros.

Se algún/algunha candidato/a supera as puntuacións máximas sinaladas para cada unha das liñas seguintes, outorgaráselle a máxima puntuación.

#### **1. Formación adicional (máximo 10 puntos) =**

Valorarase a formación adicional á considerada como mínima nas bases (*é dicir, adicional á licenciatura ou grao en CC. económicas, empresariais ou dirección e administración de empresas, ou titulación equivalente*). Neste sentido, valoraranse os cursos, másteres ou posgraos, todos eles impartidos por centros oficiais de titularidade pública ou privada e relacionados coas funcións do posto para cubrir) -máximo 10 puntos, coa seguinte baremación-

<b>Duración (D)</b>	<b>Puntuación</b>
$D \geq 1.000$ horas	10
$500 \leq D < 1.000$ horas	7
$100 \leq D < 500$ horas	4
$20 \leq D < 100$ horas	1
$D < 20$	0

## 2. Experiencia profesional (máximo 40 puntos) = 2.A. + 2.B.

**2.A.** Valorarase o tempo de experiencia profesional asociada a postos de traballo con tarefas relacionadas e/ou complementarias coas funcións do posto a cubrir. Outorgaranse 0,5 puntos por mes de experiencia acreditada (os contratos a tempo parcial computaranse segundo un criterio de proporcionalidade) cun máximo de 30 puntos.

**2.B.** Valorarase a experiencia profesional previa desenrolada como empregado de entidades de capital risco. Outorgaranse ate un máximo de 10 puntos en función do grao de responsabilidade e similitude de tarefas desenroladas dentro da entidade de capital risco en relación ao posto de traballo a cubrir.

A puntuación acadada no apartado 2.B poderá ser complementaria á obtida no apartado 2.A.

## 3. Coñecemento de idiomas estranxeiros (máximo 5 puntos)

Valórase o coñecemento do idioma Inglés con preferencia sobre outros idiomas, dado que o inglés é o idioma estranxeiro do que máis termos empregará o/a candidato/a seleccionado/a no seu traballo diario e aquel en o que xorden as principais novidades tanto no ámbito financeiro en xeral como máis especificamente na contorna do capital-risco e o investimento en novas empresas, debido á tradición e importancia destas entidades nos países anglosaxóns. Valoraranse os coñecementos que o candidato teña deste idioma en función das certificacións de nivel de inglés presentadas, segundo a seguinte baremación, cun máximo de 5 puntos:

	1 puntos	2 puntos	3 puntos	4 puntos	5 puntos
Escuela Oficial Idiomas	N. básico: 2º Curso	N. Intermedio: 2º Curso	N. Avanzado: 2º Curso		
U. Cambridge	KET	PET	FCE	CAE	CPE
TOEFL (EEUU)		45-60/133- 170/450-497	61-79/173- 210/500-547	80-120/213- 247/550-597	-/250- 300/600-677
IELTS, British Council	3.0	3.5/4.0/4.5	5.0/5.5/6.0	6.5/7.0	7.5+
Trinity College, London	T. Grades 3, 4	T. Grades 5, 6	T. Grades 7, 8, 9	T. Grades 10, 11	T. Grade 12

## SEGUNDA FASE.- Entrevista (máximo 45 puntos):

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista, profesional e regrada, que realizará a comisión de selección aos mellores candidatos que obtiveran polo menos 20 puntos na primeira fase, co obxectivo de determinar a súa aptitude e experiencia no desenvolvemento do posto de traballo. A súa duración non excederá de 25 minutos e versará sobre as actividades a desenvolver no posto de traballo que figuran na base cuarta desta convocatoria e sobre as materias relacionadas no apartado correspondente do anexo II das presentes bases.

Á puntuación que obteñan os aspirantes na entrevista sumarase á puntuación obtida na baremación de méritos, respectivamente, resultando elixidos os/as aspirantes que teñan a maior puntuación global.

### **Undécima.- Lista provisional e definitiva de admitidos**

Expirado o prazo para a presentación de solicitudes a comisión de selección publicará na páxina web de Xesgalicia e no taboleiro de anuncios da empresa, a lista anonimizada provisional de admitidos/as e excluídos/as e a súa puntuación.

Na lista constará de forma anonimizada a condición acadada, de admitidos/as ou excluídos/as e a puntuación de cada aspirante. No caso dos/as excluídos/as farase constar o motivo da exclusión. Contra esta lista provisional poderase interpor reclamación no prazo de tres (3) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación.

Neste período de emenda soamente pode rectificarse a documentación achegada, e nunca aportar nova documentación.

Transcorrido o prazo de reclamacións, a comisión de selección publicará a lista definitiva de admitidos coas puntuacións respectivas no prazo de dous (2) días hábiles. A estimación ou desestimación das reclamacións entenderase implícita coa publicación da lista definitiva. A lista definitiva resultante terá unha vixencia de 18 meses dende a data da súa publicación, e poderá ser utilizada para a cobertura temporal de postos vacantes desta categoría que puideran producirse neste período.

### **Duodécima.- Criterios de desempate**

En caso de empate resolverase a favor do candidato que tivera obtido unha puntuación superior na fase de baremación correspondente á experiencia profesional previa como empregado de entidades de capital risco (sección décima das bases, apartado 2.B.)

En caso de persistir o empate, de conformidade co disposto no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no suposto de infra-representación do sexo feminino (entendendo por tal, cando exista unha diferenza porcentual de, polo menos vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes), o empate resolverase a favor da muller.

No caso de persistencia do empate unha vez aplicados os criterios anteriores, este resolverase mediante un sorteo entre os implicados.

### **Décimo terceira.- Resolución do proceso de contratación.**

Os/as candidatos/as seleccionados deberán aceptar ou rexeitar o posto no momento do chamamento por correo electrónico, remitindo o correo electrónico á dirección [xesgalicia@xesgalicia.org](mailto:xesgalicia@xesgalicia.org) (*o chamamento será efectuado en función das puntuacións, e por orde de maior a menor puntuación entre os candidatos*), no prazo de DOUS (2) días hábiles contados a partir do día seguinte ao chamamento efectuado. No caso de que o candidato non confirme a súa aceptación do posto mediante o procedemento previamente exposto, considerarase que procedeu o seu rexeitamento.

A notificación das ofertas de traballo realizarase mediante o envío dun correo electrónico, á dirección reflexada polo candidato no formulario do Anexo I, circunstancia que se intentará por dúas veces.



**Décimo cuarta.- Datos de carácter persoal**

Os datos de carácter persoal serán tratados segundo o disposto na Lei Orgánica/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal. Os/As candidatos/as que participen neste proceso selectivo consenten expresamente a incorporación dos seus datos de carácter persoal nos ficheiros existentes en Xesgalicia e ao seu tratamento. O titular dos datos de carácter persoal poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos mesmos nos termos da devandita Lei Orgánica, solicitándoos nas oficinas de Xesgalicia.

**Décimo quinta .- Recursos**

Contra a resolución da convocatoria os interesados poderán interpor recurso potestativo de reposición ante o Consello de Administración de Xesgalicia, nos termos dos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación do resultado do proceso selectivo, ou no prazo de seis meses, contados desde o día seguinte a aquel no que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo.

**Décimo sexta.- Órgano de contratación**

O Consello de Administración de Xesgalicia, e de acordo coa normativa aplicable, procederá a aprobación da contratación segundo ás bases expostas.

**Décimo sétima.- Disposición final**

A participación neste proceso selectivo por parte dos/as candidatos/as supón a aceptación íntegra das presentes bases.

Santiago de Compostela, 18 de outubro de 2019,

Fernando Guldrís Iglesias.

Director Xeral.

## ANEXO I

### SOLICITUDE PARA A CONSTITUCIÓN DE LISTAXES PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL DE TITULADOS SUPERIORES PARA XESGALICIA

Apelidos:.....

Nome:..... NIF:.....

Correo electrónico: .....

Enderezo:.....

Localidade:..... Provincia:.....

Código Postal:.....Teléfono:..... E-mail:.....

Data de nacemento:..... Nacionalidade:.....

Nº de afiliación á Seguridade social:.....

Titulación .....

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o interesado presta o seu consentimento expreso e inequívoco á incorporación dos seus datos aos ficheiros existentes en XESGALICIA, SGEIC, SAU e ao tratamento dos mesmos.

#### DOCUMENTACIÓN QUE ACHEGO

- Copia do D.N.I
- Currículo
- Copia cotexada do(s) título(s) universitario(s)
- Certificado de Vida Laboral expedido pola Seguridade Social
- Copia cotexada do(s) certificado(s) de coñecemento de idioma(s) estranxeiro(s)

Fago constar que a presente documentación consta de \_ folios, numerados correlativamente do 1 ao \_\_

Lugar e data:

Sinatura

Asdo.:.....

## ANEXO II

### MATERIAS SOBRE AS QUE VERSARÁ A ENTREVISTA:

#### Controller financeiro e de control:

- O Capital Risco: marco regulatorio (Lei 22/2014, de 12 de novembro), impacto económico e tendencias actuais, o control efectuado pola CNMV.
- A Administración Pública: marco regulatorio (Lei 16/2010, de 17 de decembro, Lei 1/2016, de 18 de xaneiro) e principais instrumentos de apoio ao tecido empresarial de Galicia (IGAPE, GAIN, XESGALICIA).
- Control interno e control de xestión: modelos de control interno, *reporting* interno de indicadores de xestión.
- Contabilidade: Plan Xeral de Contabilidade, Normas Internacionais de Información Financeira, elaboración e análise de estados financeiros.
- Imposto sobre Sociedades.
- Técnicas de valoración de empresas.

#### Analista investimentos e seguimento de start ups:

- O Capital Risco: marco regulatorio (Lei 22/2014, de 12 de novembro), impacto económico e tendencias actuais, o control efectuado pola CNMV.
- A Administración Pública: marco regulatorio (Lei 16/2010, de 17 de decembro, Lei 1/2016, de 18 de xaneiro) e principais instrumentos de apoio ao tecido empresarial de Galicia (IGAPE, GAIN, XESGALICIA).
- Análise de viabilidade de proxectos empresariais: Plans de empresa e determinantes básicas da viabilidade dunha empresa, esquemas de financiación empresarial e de proxectos.
- Contabilidade: Plan Xeral de Contabilidade, Normas Internacionais de Información Financeira, elaboración e análise de estados financeiros.
- Técnicas de valoración de empresas.